

ACTA NÚMERO: 12/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 27 DE MARZO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 25 minutos do día 27 de marzo de 2025 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 20 de marzo de 2025 (Reunión 11/2025).*
2. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024071898).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024071898).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, D. Jaime David Ruibal de Sola, Xefe da Sección de Proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 20 de marzo de 2025 (Reunión 11/2025).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 20 de marzo de 2025 (Reunión 11/2025).



2. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024071898).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno número 48.33797, adoptado na sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, aprobouse o expediente para a conclusión, mediante procedemento aberto, dun acordo marco que regule a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar no Diario Oficial da Unión Europea con data 18 de febreiro de 2025, facéndose efectiva a publicación o día 19 de febreiro de 2025. Nesta mesma data, publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público). Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda:

- Admitir as seguintes empresas nos lotes:
 - AGORA INGENIERIA SERVICIOS Y PREVENCION, S.L. (CIF: B85596914): Lotes 1,2,3 e 4
 - AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (CIF: B36962314): Lotes 1,2,3 e 4
 - ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF: A82876905): Lotes 1,2,3 e 4
 - CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A.- CYGSA (CIF: A28494359): Lotes 1 e 2



- INCOPE CONSULTORES, S.L. (CIF: B83665513): Lotes 1,2,3 e 4
- INGENIERIA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L. (CIF: B85872422): Lotes 1,2,3 e 4
- INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF: B81470841): Lotes 1,2,3 e 4
- NORMANSYS, S.L. (CIF: B70041066): Lotes 1,2,3 e 4
- TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (CIF: B84840685): Lotes 1,2 e 3
- TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF: A28171288): Lotes 1,2,3 e 4

No admitir á empresa INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, S.L. (CIF: B87629200) por presentar a súa oferta fóra de prazo (Entrada o 21-03-2025 ás 10:41)

3. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024071898).*

O Secretario informa que a Mesa de Contratación, na reunión do día 27 de marzo de 2025, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, procedeu á apertura do sobre "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a conclusión do "Acordo Marco para a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra".

As empresas presentadas e admitidas nos lotes foron as seguintes:

- AGORA INGENIERIA SERVICIOS Y PREVENCIÓN, S.L. (CIF: B85596914): Lotes 1,2,3 e 4
- AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (CIF: B36962314): Lotes 1,2,3 e 4
- ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF: A82876905): Lotes 1,2,3 e 4
- CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A.- CYGSA (CIF: A28494359): Lotes 1 e 2
- INCOPE CONSULTORES, S.L. (CIF: B83665513): Lotes 1,2,3 e 4
- INGENIERIA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L. (CIF: B85872422): Lotes 1,2,3 e 4
- INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF: B81470841): Lotes 1,2,3 e 4
- NORMANSYS, S.L. (CIF: B70041066): Lotes 1,2,3 e 4
- TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (CIF: B84840685): Lotes 1,2 e 3
- TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF: A28171288): Lotes 1,2,3 e 4

A continuación, procédese á descifrado e descarga da documentación dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor das empresas admitidas no procedemento.



Obsérvase que, unha vez descifrados os sobres “B” correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor, a empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (A28171288) que no sobre “A” indica que se presenta a todos os lotes, non achega proposta técnica para o Lote 4.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B”, presentadas polas empresas admitidas, ao persoal técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais Lotes 1, 2 e 3) e Arquitectura (Lote 4), para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Debido a incidencias no funcionamento da Plataforma de Contratación do Sector Público que motivaron o retraso no descifrado das ofertas técnicas das empresas que optan á adxudicación dos diferentes lotes do acordo marco que regula a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra, dáse por terminado o acto as doce horas e un minuto, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

